

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL RODEIRO

Subvencións

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 2016

A Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2016, acordou a aprobación da convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións para actividades culturais e deportivas desenvolvidas no ano 2016, co contido que se sinala nos anexos I e II. De conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dáse publicidade ás mesmas.

ANEXO I

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS ANO 2016

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto: O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades culturais desenvolvidas durante o ano 2016, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 330/480, co límite de 7.000,00 €. Entenderase como actividade cultural aos efectos das presentes bases as dirixidas á ensinanza musical, á promoción da cultura, á xuventude, á muller, á preservación das tradicións ou calquera outra que redunde en beneficio dos veciños asociados, sempre que formen parte dos fins da asociación.

2.- Beneficiarios: Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro e con domicilio en Rodeiro que desenvolveran as actividades obxecto da subvención entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2016.

3.- Solicitud e documentación: As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello no prazo de corenta días naturais contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, achegando a documentación que se sinala na ordenanza xeral de subvencións do concello.



4.- Valoración das solicitudes: Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Programación estable ao longo do ano.
- Difusión da actividade.
- Número de persoas que participan e se benefician da actividade.
- Orzamento total da actividade.
- Incidencia sobre a promoción dos valores culturais, artísticos, tradicionais, gastronómicos, etc. do Concello.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional : No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANEXO II

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2016

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades deportivas, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto: O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades deportivas durante o ano 2016, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 340/480, co límite de 15.000,00 €. Entenderase como actividade deportiva as realizadas ou promovidas por agrupacións, asociacións ou clubs de carácter deportivo, legalmente constituídos.

2.- Beneficiarios: Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro que desenvolveran as actividades obxecto da subvención no Concello de Rodeiro entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2016.

3.- Solicitude e documentación: As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello no prazo de corenta días naturais contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, achegando a documentación que se sinala na ordenanza xeral de subvencións do concello.



4.- Valoración das solicitudes: Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Categoría da asociación ou club.
- Número de licenzas federativas.
- Número de equipos en categorías.
- Orzamento anual do club.
- Disposición de adestrador federado.
- Orzamento total das actividades.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional: No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Rodeiro, a 12 de xaneiro de 2017.—O Alcalde, Luís López Diéguez.

